



# GRAMÁTICA EN GALEGO

Nome:


# QUE É A GRAMÁTICA?

A **gramática** son as normas que empregamos para falar e escribir as cousas con sentido, indicándonos onde se ubica cada palabra e así poder comunicarnos. Por exemplo:

“O meu soño é viaxar ao espazo e ver a Terra dende alí”.



"Dende Terra viaxar e ao meu soño ver alí é o espazo a".



# UNIDADE 1 A LINGUAXE E AS LINGUAS

As persoas podemos comunicarnos de moitas formas; xestos, sons, imaxes, aínda que normalmente empregamos a **linguaxe** tanto ao **falar** como ao **escribir**. Para que isto suceda, necesitamos empregar a **mesma lingua**.

**IMAXES**



**XESTOS**



**SONS**



**LINGUA**




# UNIDADE 2

# CLASES DE PALABRAS

As **palabras** son conxuntos de sons cun significado e se poden **dividir** en **sílabas**.

## A SÍLABA CLASES DE SÍLABAS




# UNIDADE

## 3

# O SUBSTANTIVO

Son palabras que serven para **nomear** persoas, animais ou cousas.

## O SUBSTANTIVO



# UNIDADE 4

# O ADXECTIVO

Son palabras que **describen** como son os substantivos: as persoas, animais ou cousas,

## O ADXECTIVO



# UNIDADE 5

# O ARTIGO

Son palabras que acompañan ao substantivo, indicando se é masculino/femenino ou singular/plural. Se coñecemos o substantivo chámanse **determinados**, e se non o coñecemos chámanse **indeterminados**. Teñen o **mesmo xénero e número** co substantivo que acompañan.

## Determinado


**O** neno xoga no parque



Sabemos que é ese neno en concreto.

## Indeterminado

**Un** gato entrou pola fiestra



Non sabemos cal é o gato, pode ser calquera.

	SINGULAR		PLURAL	
	MASCULINO	FEMININO	MASCULINO	FEMININO
ARTIGOS DETERMINADOS	o	a	os	as
ARTIGOS INDETERMINADOS	un	unha	uns	unhas

# UNIDADE

# 6

# OS DEMOSTRATIVOS

Son palabras que usamos para sinalar as cousas segundo a **distancia** que están da persoa que fala. Teñen o **mesmo xénero** e **número** co substantivo que acompañan.

## Proximidade

## Distancia media

## Distancia media

**Eses** libros son vosos.

**Esa** mochila está rota.

**Aquela** casa é de cor azul.



	SINGULAR		PLURAL		NEUTRO
	MASCULINO	FEMININO	MASCULINO	FEMININO	
PROXIMIDADE	este	esta	estes	estas	isto
DISTANCIA MEDIA	ese	esa	eses	esas	iso
AFASTAMENTO	aquel	aquela	aqueles	aquelas	aquilo

# UNIDADE 7

# OS POSESIVOS

Son palabras que usamos para indicar a quen **pertence** o ser ou o obxecto que acompaña ao substantivo. Teñen o **mesmo xénero e número** co substantivo que acompañan.

## Os posesivos



Por norma, os posesivos levan diante o artigo determinado no xénero e no número correspondente (**o meu, a miña, as vosas, a súa...**).

		SINGULAR		PLURAL	
		MASCULINO	FEMININO	MASCULINO	FEMININO
UN POSUIDOR	1. <sup>a</sup> persoa	meu	miña	meus	miñas
	2. <sup>a</sup> persoa	teu	túa	teus	túas
	3. <sup>a</sup> persoa	seu	súa	seus	súas
VARIOS POSUIDORES	1. <sup>a</sup> persoa	noso	nosa	nosos	nosas
	2. <sup>a</sup> persoa	voso	vosa	vosos	vosas
	3. <sup>a</sup> persoa	seu	súa	seus	súas

# UNIDADE

# 8

# OS NUMERAIS

Son palabras que acompañan ao substantivo e expresan cantidade (**cardinal**) ou orden (**ordinal**).

NUMERAIS CARDINAIS				NUMERAIS ORDINAIS			
1	un unha	9	nove	1. <sup>o</sup> 1. <sup>a</sup>	primeiro primeira	9. <sup>o</sup> 9. <sup>a</sup>	noveno novena
2	dous dúas	10	dez	2. <sup>o</sup> 2. <sup>a</sup>	segundo segunda	10. <sup>o</sup> 10. <sup>a</sup>	décimo décima
3	tres	20	vinte	3. <sup>o</sup> 3. <sup>a</sup>	terceiro terceira	21. <sup>o</sup> 21. <sup>a</sup>	vixésimo primeiro vixésimo primeira
4	catro	21	vinte e un vinte e unha	4. <sup>o</sup> 4. <sup>a</sup>	cuarto cuarta	30. <sup>o</sup> 30. <sup>a</sup>	trixésimo trixésima
5	cinco	30	trinta	5. <sup>o</sup> 5. <sup>a</sup>	quinto quinta	40. <sup>o</sup> 40. <sup>a</sup>	cuadraxésimo cuadraxésima
6	seis	40	corenta	6. <sup>o</sup> 6. <sup>a</sup>	sexto sexta	90. <sup>o</sup> 90. <sup>a</sup>	nonaxésimo nonaxésima
7	sete	100	cen	7. <sup>o</sup> 7. <sup>a</sup>	sétimo sétima	100. <sup>o</sup> 100. <sup>a</sup>	centésimo centésima
8	oito	101	cento un cento unha	8. <sup>o</sup> 8. <sup>a</sup>	oitavo oitava	1000. <sup>o</sup> 1000. <sup>a</sup>	milésimo milésima

# UNIDADE 9 OS PRONOMES PERSOAIS

Son palabras que serven para **nomear as persoas** sen decir o seu nome. **Mesmo xénero e número** co substantivo ao que substitúen.

Oración **cos nomes**  
**Alex e Bea** son mestres.



Oración **con pronomes**  
**Eles** son mestres


Os pronomes persoais		
	Persoa	Pronome
Singular	1ª	eu
	2ª	ti
	3ª	el / ela
Plural	1ª	nós
	2ª	vós
	3ª	eles / elas

# UNIDADE 10

# OS VERBOS

Son palabras que serven para expresar **accións**. Según o **tempo** en que se realiza a acción, falamos de **pasado** (o que xa sucedeu), **presente** (o que sucede neste momento) e **futuro** (o que todavía non sucedeu).

SANTILLANA



# UNIDADE 11

# AS ORACIÓNS

As oracións son un conxunto de palabras que teñen al menos **un verbo ou acción**. Senón existe ese verbo ou acción, chámanse frases.

**Frase** (non ten verbo/acción)

Que cadela tan fermosa!



**Oración** (ten verbo/acción)

A cadela **corre** polo parque

As oracións teñen **suxeito** (persoa, animal ou cousa que realiza a acción) e **predicado** (aquele que está a facer o suxeito).






Oración	Suxeito quen fai a acción?	Predicado que fai?
A nena le un libro.	A nena	le un libro
O meu can corre polo parque.	O meu can	corre polo parque
Os nenos xogan no patio.	Os nenos	xogan no patio

● **Suxeito** → quen fai a acción.  
● **Predicado** → que fai o suxeito. Sempre ten un verbo.

# UNIDADE 12

# CLASES DE ORACIONES

Según a intención que se ten á hora de falar, encontramos diversos tipos de oracións:

Tipo	Para que serve?	Exemplo
 <b>Enunciativa</b>	Serve para contar, afirmar ou negar algo que pasa. É a oración máis común que usamos.	<i>O gato dorme no sofá. Hoxe non hai escola.</i>
 <b>Interrogativa</b>	Serve para facer preguntas. Sempre vai entre signos de interrogación ¿ ?	<i>Onde está o meu libro? Que queres merendar?</i>
 <b>Exclamativa</b>	Serve para expresar sentimentos fortes: sorpresa, alegría, medo ou admiración. Vai entre signos de exclamación ¡ !	<i>Que bonito é o mar! Que susto pasei!</i>
 <b>Exhortativa ou imperativa</b>	Serve para dar ordes, pedir cousas ou prohibir algo. Úsase moito para mandar ou rogar.	<i>Abre a fiestra, por favor. Non corras polo corredor!</i>
 <b>Dubitativa</b>	Serve para expresar dúbida ou incerteza, cando non estamos seguros de algo. Adoita levar palabras como <b>tal vez</b> , <b>quizais</b> , <b>igual</b> .	<i>Tal vez mañá chova. Igual non veño á festa.</i>